

**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA SUBVENCIONAR O FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL ROSALÍA MERA DURANTE O CURSO ESCOLAR 2026-2027.**

**REUNIDOS**

---

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Eudoxia María Neira Fernández, deputada con delegación especial en materia de Educación e Mocidade, de acordo ca resolución da presidencia número 29343, de 24 de xullo de 2023.

Ambas as partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que en nome das entidades que representan teñen conferidas, e

## **EXPOÑEN**

---

### **I**

Que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinou, con data 3/10/1986, un convenio coa Deputación Provincial da Coruña en virtude do disposto na disposición adicional 7ª do Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro (BOE do 27), para que o centro de formación profesional Calvo Sotelo funcionase como centro público en réxime de convenio, asinándose, co mesmo obxecto, diversas addenda e convenios ata o curso escolar 2025-2026.

Este centro cambiou de denominación por acordo plenario da corporación da Deputación Provincial da Coruña do 29 de xaneiro de 2021 (BOP número 58, do 29 de marzo de 2021) pasando a denominarse Rosalía Mera.

### **II**

Que é vontade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional manter o convenio educativo coa deputación provincial para o funcionamento deste centro docente durante o próximo curso escolar 2026-2027, coa finalidade de continuar prestando o servizo público educativo aos alumnos escolarizados nel.

Así pois, para contribuír ao funcionamento do citado centro ambos os dous organismos deciden subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

---

**Primeira.-** Son obxecto deste convenio as condicións da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para subvencionar o funcionamento do centro público de formación profesional Rosalía Mera, e as condicións da Deputación Provincial da Coruña para acreditar o cumprimento das obrigas propias do beneficiario.

**Segunda.-** A normativa pola que se rexe este convenio é a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento desta Lei e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

**Terceira.-** O presente convenio terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2027, sen prexuízo de que os efectos económicos sexan desde o 1 de setembro de 2026.

**Cuarta.-** A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional destinará un importe de **106.925,61 euros** para o funcionamento do citado centro, distribuíndose do seguinte xeito:

- **35.641,87 € para o primeiro cuadrimestre do curso escolar 2026-2027** (do 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2026).
- **35.641,87 € para o segundo cuadrimestre do curso escolar 2026-2027** (do 1 de xaneiro ata o 30 de abril de 2027).

- **35.641,87 € para o terceiro cuadrimestre do curso escolar 2026-2027** (do 1 de maio ata o 31 de agosto de 2027).

Estes importes faranse efectivos con cargo á aplicación orzamentaria **07.05.422M.460.0** dos orzamentos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional correspondentes aos exercicios 2026 e 2027.

Antes da formalización do convenio e de cada un dos libramentos, a Deputación Provincial da Coruña deberá achegar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o previsto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os libramentos realizaranse do seguinte xeito:

- Un primeiro libramento, con carácter de anticipo, por importe de 35.641,87 euros, realizarase despois da entrada en vigor do presente convenio e trala presentación da declaración responsable indicada na cláusula quinta, apartado a) deste convenio.
- Un segundo libramento, por importe de 35.641,87 euros, efectuarase despois da xustificación relativa ao primeiro e segundo cuadrimestre do curso escolar, segundo o previsto na cláusula quinta, apartado b) deste convenio.

- Un terceiro libramento, por importe de 35.641,87 euros, farase efectivo despois da xustificación relativa ao terceiro cuadrimestre do curso escolar segundo o previsto na cláusula quinta, apartado c) deste convenio.

A percepción das contías indicadas é compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

**Quinta.-** A documentación que se presentará para cada un dos libramentos é a seguinte:

a) Para o primeiro libramento:

\* Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Para o segundo libramento:

1º) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia.

2º) Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control da Deputación Provincial da Coruña que recolla as seguintes cuestións:

\* Que os fondos recibidos como anticipo foron aplicados ao funcionamento do centro.

\* O importe total dos gastos soportados pola Deputación provincial imputables á actuación subvencionada durante os dous primeiros cuadrimestres do curso escolar.

Esta xustificación deberá presentarse no prazo de dous meses desde a finalización do segundo cuadrimestre do curso escolar (ata o 30 de xuño de 2027).

c) Para o terceiro e último libramento:

1º) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia.

2º) Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control da Deputación Provincial da Coruña que recolla as seguintes cuestións:

\* O importe total dos gastos soportados pola Deputación provincial imputables a actuación subvencionada durante o curso escolar 2026-2027.

3º) A documentación a que se refire o artigo 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é dicir:

\* Certificación expedida pola secretaría da deputación provincial, co visto e prace do presidente, relativa a aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola deputación provincial imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación:

a) Identificación do/a acredor/a.

b) Número de factura ou documento equivalente.

c) Importe.

d) Data de emisión.

e) Data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

f) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

g) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta xustificación deberá remitirse dentro do prazo de vixencia do convenio (ata o 31 de outubro de 2027).

A deputación provincial conservará os xustificantes do gasto orixinado a disposición da consellería e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas, do Consello de Contas ou de calquera outro órgano competente, os cales, a través dos procedementos legais pertinentes, poderán realizar as comprobacións necesarias respecto ao destino e aplicación dos fondos aportados pola Xunta de Galicia.

**Sexta.-** O seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos correspondentes compromisos adquiridos polos asinantes corresponderalle á comisión de seguimento, que estará integrada por dous representantes da deputación provincial e tres da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. A presidencia da comisión corresponderá ao/á representante da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Así mesmo, resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan suscitarse respecto do convenio.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

**Sétima.-** A Deputación Provincial da Coruña terá as obrigas do beneficiario establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Oitava.-** A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional poderá comprobar cando o estime conveniente a execución do convenio.

**Novena.-** En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Deputación provincial está obrigada a subministrar á Xunta de Galicia, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da citada lei.

Así mesmo, de conformidade co artigo 15 desta mesma lei, a Xunta de Galicia publicará na súa páxina web oficial os datos do presente convenio, incluído o importe da subvención concedida, polo que a súa sinatura leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e a súa publicación na citada páxina web.

Ademais, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da

Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio supón o consentimento expreso para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas.

Por outro lado, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto deste convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións.

Así mesmo, o beneficiario deberá acreditar o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 e na disposición transitoria única do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

**Décima.-** Debido a que este convenio se formaliza en aplicación do disposto na disposición adicional 7ª do Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, non é posible promover a concorrencia pública, polo que para a tramitación deste convenio debe terse en conta o establecido nos artigos 19.4.c) e 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Décimo primeira.-** Este convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Esta modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución

**Décimo segunda.-** O incumprimento das obrigas establecidas neste convenio por parte da Deputación Provincial da Coruña levará consigo a

modificación da subvención ou o reintegro, total ou parcial, dos importes entregados.

**Décimo terceira.-** O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou nas leis.

**Décimo cuarta.-** Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

**Décimo quinta.-** As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

**Décimo sexta.-** Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Para dar cumprimento ao establecido no presente convenio e en sinal de mutuo acordo entre as partes, asínase na data da sinatura electrónica.

**Pola Consellería de Educación,  
Ciencia, Universidades e Formación  
Profesional da Xunta de Galicia,**

**Pola Deputación Provincial  
da Coruña,**  
P.D.: Resolución da presidencia n.º  
29343, do 24 de xullo de 2023

Román Rodríguez González

Eudoxia María Neira Fernández

